

COMPROMISO NA PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO A TRAVÉS DA DIFUSIÓN AO PERSOAL DA *"GUÍA DE INDICIOS PARA EMPRESAS: DETECCIÓN DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO"*

Saber detectar unha situación de violencia de xénero e actuar de maneira eficaz na contorna laboral pode ser clave para lograr que a muller pida axuda e supere a situación que está a vivir, xa que o emprego é un elemento fundamental para a recuperación integral das mulleres vítimas da violencia de xénero, é a base para que poidan reconducir as súas vidas e saír adiante.

Esta guía, por tanto, non pretende ser un protocolo de actuación sistematizado, senón unha **ferramenta de apoio ás empresas, que contribúa á prevención e á erradicación da violencia de xénero** mediante o apoio ás vítimas, establecendo unha serie de **orientacións básicas** para axudar a detectar que unha traballadora poida ser vítima de violencia de xénero no ámbito persoal, e **ofrecendo recomendacións** sobre que facer ou como actuar desde o momento en que se perciben os primeiros indicios. Faise necesario que todas as persoas que conforman o persoal dunha empresa tomen conciencia de que é a violencia de xénero e como afecta as mulleres que a sofren.

A Guía de actuación pretende dar resposta a esta necesidade, axudando a:

- Promover e protexer o dereito de todas as persoas traballadoras, en particular das mulleres, a vivir a salvo da violencia.
- Axudar a identificar posibles casos de violencia de xénero no ámbito persoal, proporcionando información precisa sobre os sinais de alarma que permitan identificalos.
- Sensibilizar as empresas para que adopten unha actitude proactiva para a erradicación da violencia de Xénero.
- Informar as empresas dos dereitos laborais que amparan as vítimas de violencia de xénero.
- Facilitar información ao persoal das empresas para saber como actuar ante situacións de violencia de xénero no ámbito persoal, e ofrecer recomendacións sobre que facer ou como actuar desde o momento en que se perciben os primeiros indicios en coordinación cos servizos e recursos de atención especializada competentes.
- Informar sobre os servizos de atención especializada, facilitando unha actuación coordinada e eficaz ante posibles supostos de violencia de xénero que poidan sufrir as traballadoras da empresa no seu ámbito persoal.
- Facilitar unha ferramenta de fácil comprensión, destinada ás persoas responsables de adoptar decisións que facilite a súa implantación e aplicación nas empresas na prevención e actuación ante as violencias contra as mulleres.

Agradecemos a súa colaboración na difusión do material elaborado e que se poñerá á súa disposición en formato PDF, entre as persoas que forman parte do persoal da empresa, asinando o compromiso anexo. A adhesión ao programa é voluntaria, gratuíta e sen ningunha responsabilidade para a empresa. Despois da adhesión entregarse un distintivo de EMPRESA GALEGA COMPROMETIDA coa detección de vítimas de violencia de xénero.

ANEXO: ADHESIÓN AO COMPROMISO DE COLABORACIÓN NA DIFUSIÓN DA "GUÍA DE INDICIOS PARA EMPRESAS: DETECCIÓN DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO"

En _____ a _____ de _____ de _____

D/Dª _____ con NIF _____

en representación da Organización/Empresa/ Asociación) _____,

en calidade de _____, con domicilio social en _____

_____ fai constar, en virtude da representación que ostenta, o

compromiso na ADHESIÓN ao programa de Prevención da Violencia de Xénero na DIFUSIÓN AO PERSOAL

da "GUÍA DE INDICIOS PARA EMPRESAS: DETECCIÓN DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO".

Asdo.

Nº de persoal Total _____

Nº Homes _____

Nº Mujeres _____

Así mesmo faise constar que, se desexa recibir o documento da Guía en PDF co logo da organización/empresa, deberá solicitar este documento e o idioma ou idiomas, ademais de enviar o logo en formato JPG ao enderezo: dxviolenciaxenero.politicasocial@xunta.gal

Solicito a Guía en formato p.d.f. en galego	SI		NON	
Solicito a Guía en formato p.d.f. en castelán	SI		NON	

*Marcar cunha X a opción seleccionada